

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
E A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA GAONA PARA A CONSTRUCIÓN DUN
CENTRO PÚBLICO DE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS PERSOAS MAIORES DENTRO
DO MARCO DO PROGRAMA “COMO NA CASA”, NO CONCELLO DE VIGO**

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social.

Doutra parte, don Óscar Ortega Chávez, Director Xeral da Fundación Amancio Ortega Gaona (en adiante, a “FAO”), que foi constituída en escritura pública outorgada na Coruña con data de 10 de xullo de 2001, clasificada coma fundación mixta pola Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG núm. 176, do 11 de setembro) e declarada de interese galego por Orde do 12 de setembro de 2001 (DOG núm. 186, do 25 de outubro). Actúa en virtude das funcións atribuídas polo poder outorgado na reunión do Padroado da Fundación o 10 de setembro de 2019.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para obrigarse e outorgar este Convenio en nome da Consellería de Política Social e da FAO, respectivamente.

EXPOÑEN

I. Que ambas partes teñen obxectivos comúns e competencias concorrentes no ámbito da asistencia social.

II. Que conforme ao establecido no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a Consellería, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade ostenta as competencias de dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

III. Pola súa banda, a FAO, é unha organización de natureza fundacional, constituída ao amparo do dereito recollido no artigo 34.1 da Constitución española, de interese galego sen ánimo de lucro cuxo patrimonio está afectado de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral recollidos nos seus estatutos.

Concretamente, esta fundación ten por obxecto a promoción, fomento, desenvolvemento, execución e financiamento de todo tipo de actividades que coadxuven á difusión e extensión da acción social e asistencial.

IV. Que con data 13 de setembro de 2019 a Consellería de Política Social e a FAO, asinaron un convenio de colaboración para establecer as bases de cooperación para a construción e posta en funcionamento de sete centros públicos de atención integral ás persoas maiores (en adiante, os “Centros de Maiores”), sitios nas cidades de Santiago

de Compostela, Vigo, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol, para atender a maiores en situación de dependencia no marco do plan “Como na casa”.

Este convenio, na súa cláusula segunda establece que o seu ámbito de aplicación será obxecto de desenvolvemento e concreción a través dos oportunos instrumentos que procedan e das actuacións necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

Na cidade de Vigo prevese a construción dun Centro de Maiores cunha capacidade de 150 prazas, para cuxa realización a Consellería de Política Social se comprometeu a poñer a disposición da FAO, aos meros efectos da realización das obras, o terreo correspondente.

Unha vez determinada a parcela na que se vai levar a cabo a construción do devandito Centro de Maiores, faise necesario formalizar a posta a disposición da mesma e definir as obrigas que asumen as partes en canto ao derribo da edificación existente nela, así como fixar os prazos de execución das obras.

Polo exposto, en desenvolvemento do antedito convenio de colaboración entre a Fundación e a Consellería de Política Social (en adiante, o “Convenio de 2019”), as partes formalizan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio definir o marco de colaboración entre a FAO e a Consellería de Política Social para a construción e posta en funcionamento dun Centro de Maiores, sito na cidade de Vigo, para atender a maiores en situación de dependencia no marco do plan “Como na casa”.

SEGUNDA.- Posta a disposición da parcela e compromiso de derribo da edificación existente na mesma

1.- A Consellería de Política Social pon a disposición da FAO a finca con referencia catastral 5464208NG2758N0001XI, aos meros efectos da realización das obras necesarias para dar debido cumprimento ao establecido no Convenio de 2019, sen que a FAO adquira en ningún momento a propiedade sobre as construcións executadas.

2.- Asimesmo, a FAO comprométese a levar a cabo o derribo da edificación existente nela, asumindo os custos que se deriven desta actuación.

Pola súa banda, a Consellería de Política Social fixo entrega á FAO, con carácter previo á sinatura do presente convenio, do proxecto de demolición do edificio construído na parcela referida.

TERCEIRA.- Prazos para a execución das obras e o establecemento do servizo

O derrubamento da edificación existente na parcela posta a disposición da FAO realizarase no prazo máximo de catro meses contados dende a obtención dos permisos ou licenzas de derribo.

O prazo máximo para o inicio da obra de construción, será de tres meses dende a obtención dos permisos ou licenzas necesarias para elo, non podendo transcorrer máis de vinte meses dende a data de inicio ata a súa finalización.

O prazo máximo de inicio do procedemento para a posta en funcionamento do Centro de Maiores de Vigo nos termos previstos no Convenio de 2019 será de seis meses dende a entrega do mesmo á Consellería de Política Social por parte da FAO.

A Consellería de Política Social solicitará os permisos e licenzas administrativas que resulten preceptivos para a posta en funcionamento do devandito Centro de Maiores.

CUARTA Comisión mixta ou de seguimento

A comisión mixta que se establece no Convenio de 2019 será a encargada de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, así como de interpretar as dúbidas que xere o seu cumprimento e resolver as controversias xurídicas consecuencia da súa execución.

Asemade, esta comisión poderá adoptar as medidas e acordos que se consideren oportunos aos efectos de dar solución a novas incidencias que se poidan producir en relación cos prazos para a execución da obra e o establecemento do servizo, podendo establecer novos prazos ou modificar as datas a partires das cales efectuar os cómputos dos mesmos.

QUINTA.- Vixencia

O convenio entrará en vigor dende o día seguinte ao da súa sinatura e extinguirase co cumprimento das obrigas nos prazos previstos na súa cláusula terceira, salvo resolución anticipada do mesmo segundo o previsto na cláusula sétima.

En todo caso, o presente convenio terá a mesma duración máxima que o Convenio de 2019.

SEXTA.- Publicidade das actuacións

Os actos relativos á información e comunicación das actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio, así como os termos nos que se fará pública esta colaboración estableceranse de común acordo por ambas partes, sen prexuízo do cumprimento das correspondentes obrigas en materia de publicidade por parte da Consellería de Política Social.

SÉTIMA.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente Convenio, xunto co mutuo acordo das partes e o transcurso do prazo da súa vixencia sen acordarse a súa prórroga, o incumprimento das obrigas ás que as partes se comprometen na cláusula segunda do mesmo.

OITAVA.- Carácter do Convenio

Este convenio ten natureza administrativa quedando suxeito ao disposto na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, normativa local, concordante e de desenvolvemento.

Para resolver as cuestións litixiosas que xurdan no seu cumprimento estarase ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Soamente se aplicará o dereito privado con carácter supletorio para cubrir dúbidas e lagoas que poidan xurdir.

NOVENA.- Rexistro e publicidade

Para garantir a publicidade e transparencia o convenio inscribírase no Rexistro de Convenios regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que pretende ser un elemento de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Administración autonómica galega.

As persoas representantes das partes asinantes do convenios, manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

DÉCIMA.- Subsistencia do Convenio de 2019

En todo aquilo non regulado polo presente convenio estarase ao disposto no Convenio de 2019, que segue vixente e con plenos efectos. En caso de contradición entre o Convenio de 2019 e o presente convenio, prevalecerá o segundo.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración en duplicado exemplar e a un só efecto en Santiago de Compostela.

Pola Consellería de Política Social
A Conselleira de Política Social

Pola Fundación Amancio Ortega Gaona
O Director Xeral

Fabiola García Martínez

Óscar Ortega Chávez